



SESION ORDINARIA DE 28 DE XUÑO DE 2022

(Acta número 08)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:


D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinte e oito de xuño de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, que é substituído no transcurso do Pleno polo asesor técnico do Servizo de Contratación e Fomento, don Pablo Seoane Cancelo; e asiste como Interventor o Interventor adxunto don Manuel Roel Hernández Serrano.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	1/36



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de maio de dous mil vinte e dous,

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de maio de dous mil vinte e dous.

Neste momento auséntase da sesión o señor Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO


2.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) DO USO DE VARIAS PARCELAS PROVINCIAIS PARA CONSOLIDACIÓN E AMPLIACIÓN DO CAMPUS UNIVERSITARIO DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Con data do 12 de novembro de 2021 a Universidade de Santiago de Compostela presenta solicitude do uso gratuíto de varias parcelas de titularidade provincial situadas no

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	2/36





Concello de Lugo para a ampliación do Campus Universitario de Lugo e que se identifican dentro da parcela número 4B do plan especial do Campus universitario de Lugo.

Con data do 5 de maio de 2022 a Universidade de Santiago de Compostela presenta escrito no que solicita a ampliación do período de cesión gratuíta de uso da parcela provincial número 2 do plan especial do Campus universitario de Lugo que acordou o Pleno Provincial celebrado con 25 de febreiro de 2014 e do período da cesión gratuíta de uso das parcelas provinciais que enumeradas no plan especial do Campus universitario de Lugo baixo os números 3, 4A, 6A, 6B, 8, 9 e 14 que acordou o Pleno Provincial celebrado o 24 de xuño de 2014. En ambos os dous acordos as cesións de uso establecéronse por un prazo de dezasete anos.


A solicitude de ampliación do período de cesión das parcelas números 2, 3, 4A, 6A, 6B, 8, 9 e 14 do plan especial do Campus Universitario de Lugo propón unha ampliación ata o 31 de decembro de 2060 e que se estableza o mesmo vencemento para a nova solicitude de cesión da antedita parcela número 4B.

A USC xustifica a súa solicitude co seguinte teor A natureza e uso das dotacións construídas sobre as parcelas incluídas nun mesmo ámbito do planeamento, a previsión de consolidar e impulsar as actividades universitarias na cidade de Lugo e a necesidade de planificar e rendibilizar a longo prazo os investimentos no campus aconsellan estender o período de cesión das propiedades indicadas.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral . Sección de Patrimonio asinado con data do 8 de xuño de 2022 baixo o CSV IV7D4IKDP4ZJLKMYWYQDKB2PII no que en relación á ampliación do período de cesión das parcelas números 2, 3, 4A, 6A, 6B, 8, 9 e 14 do plan especial do Campus universitario de Lugo, sinálase entre outros o seguinte:

Consta no expediente o acordo do Pleno Provincial celebrado o 28 de marzo de 1983 baixo o epígrafe “Moción de la Presidencia proponiendo la adopción de diversos acuerdos, en consecuencia de haberse fijado por la Junta de Gobierno de la Universidad de Santiago de Compostela, la sede de la Facultad de Veterinarios de Galicia en Lugo” polo que se acordou a

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	3/36



cesión á Universidade de Santiago de Compostela o novo edificio do Colexio Universitario para que nel poda ser ubicada a Facultade de Veterinaria.

Sínálase que o edificio do Colexio Universitario está situado na parcela nº 9 do plan especial do Campus Universitario de Lugo e se incorpora hemeroteca de 1979 que ilustra sobre esta localización.

Consta no expediente o acordo do Pleno Provincial celebrado o 25 de febreiro de 2014 baixo o epígrafe “Cesión gratuíta de parte da parcela 2 do Campus Universitario de Lugo, asi como os dous edificios que conforman a Facultade de Veterinaria, ubicados en dita parcela, á Universidade de Santiago de Compostela” polo que se acordou a cesión gratuíta do uso da dita parcela cunha superficie de 55.602 m² e un prazo de dezasete anos.

Consta no expediente o acordo do Pleno Provincial celebrado o 24 de xuño de 2014 baixo o epígrafe “Cesión gratuíta do uso das parcela do Campus Universitario de Lugo, delimitadas nos planos xerais cos números 3,4A, 6A, 6B, 8, 9 e 14” polo que se acordou a cesión gratuíta do uso das ditas parcelas á Universidade de Santiago de Compostela por un prazo de dezasete anos.


Forma parte do expediente o plano parcial das parcelas que enumeradas segundo o plan especial do Campus universitario de Lugo elaborou o Servizo de Medio Ambiente en Febreiro de 2022 e son interesadas no presente procedemento.

Consta no expediente Certificacións de inscrición no Libro Inventario de Bens e Dereitos provinciais asinadas o 09.07.2012, o 26.01.2017 e o 27.05.2022 que certifican a natureza xurídica de ben patrimonial das parcelas obxecto das citadas cesións a favor da USC.

Polo tanto,

As parcelas obxecto das citadas cesións están cualificadas xuridicamente como bens de natureza patrimonial.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	4/36





A finalidade da solicitude de ampliación do prazo da presente cesión de uso que fora establecido pola Xunta de Goberno o 25 de febreiro e o 24 de xuño de 2014 coaduxa a promover e facilitar a consolidación e ampliación do Campus Universitario de Lugo ao beneficiario da cesión de uso gratuíto, a Universidade de Santiago de Compostela, que integrada no Sistema Universitario de Galicia, realiza o servizo público do ensino superior universitario en Galicia mediante o exercicio da docencia, o estudo, a investigación, a creación, a difusión e a transferencia de coñecemento segundo formula a Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

Cúmprese por tanto a finalidade pública da cesión segundo expresa o contido non básico do artigo 145 da Lei 33/03 do Patrimonio das Administracións Pública, dado que no presente caso os inmobles continúan destinados ao cumprimento da expresada finalidade pública


E á dita finalidade continuará vinculado o cesionario e os inmobles obxecto desta cesión de uso que é gratuíta atendendo á expresada vinculación á fins de utilidade pública, e procedendo á resolución no caso de incumprimento.

Respecto do prazo convén sinalar que a dita lei patrimonial, pese a que non é básico o contido do artigo 106.3, sinala un prazo máximo de 20 anos para a explotacións dos bens patrimoniais, salvo que por razóns excepcionais se xustifique a imposición doutro prazo maior, como neste caso.

Así, como se indicou, a USC argumenta a solicitude de ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2060 tendo en conta que A natureza e uso das dotacións construídas sobre as parcelas incluídas nun mesmo ámbito do planeamento, a previsión de consolidar e impulsar as actividades universitarias na cidade de Lugo e a necesidade de planificar e rendibilizar a longo prazo os investimentos no campus aconsellan estender o período de cesión das propiedades indicadas.

Non obstante esta xustificación, na existencia de establecer un prazo, traemos a colación o artigo 93.3 de contido básico e aplicable ás concesións demaniais dos bens cuxo uso por definición perseguen unha finalidade pública expresa o seguinte teor: “Las concesiones se otorgarán por tiempo determinado. Su plazo máximo de duración, incluidas las prórrogas, no podrá exceder de 75 años, salvo que se establezca otro menor en las normas especiales que sean de aplicación”.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	5/36



Para o cómputo deste prazo máximo de 75 anos, contarase como data de inicio do cómputo o antedito acordo do Pleno Provincial celebrado o 28 de marzo de 1983 que acordou a cesión á Universidade de Santiago de Compostela o novo edificio do Colexio Universitario- situado na parcela nº 9 do plan especial do Campus universitario de Lugo - para que nel poda ser ubicada a Facultade de Veterinaria.

Por último, conclúe estimando que o presente procedemento para a ampliación do prazo da cesión gratuíta do uso das parcelas provinciais de natureza xurídica patrimonial números 2, 3, 4A, 6A, 6B, 8, 9 e 14 do plan especial do Campus universitario de Lugo a favor da Universidade de Santiago e coa finalidade pública da prestación do servizo público da educación superior universitaria en Galicia, en particular no Campus Universitario de Lugo adecúanse á lexislación vixente xunto coas súas cláusulas reitoras e incorporadas como Anexo I.

Consta no expediente certificación do Acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do 10 de xuño de 2022 no que entre outros adoptou o seguinte acordo:

Aprobar a concesión demanial gratuíta do uso das parcelas provinciais a favor da Universidade de Santiago de Compostela destinadas a ampliación do Campus Universitario de Lugo á finalidade da educación superior ata o 28.03.2058 (..)

Ao obxecto de regularizar as datas de finalización de cesión de todas as parcelas, dada a distinta calificación xurídica das mesmas, elevar ao Pleno a aprobación de cesión das parcelas nº 2, 3, 4A, 6A, 6B, 8, 9 e 14 do Plan Especial do Campus Universitario de Lugo. (...).

Consta no expediente informe da Intervención Provincial do 9 de xuño do 2022, baixo o CSV IV7D4P7CZMG75VGKUEQHMBZVB4, no que se sinala, entre outros, que,

(...) A data de emisión deste informe o valor dos inmobles patrimoniais, s.e.u.o, supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento provincial (9.568.609,891 €) segundo consta no informe de Secretaría sobre a súa valoración catastral,(...)

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	6/36





(...) non existe inconveniente a tramitación do expediente de cesión do uso gratuita de varias parcelas provinciais a favor da Universidade de Santiago de Compostela para a consolidación e ampliación do Campo Universitario de Lugo (...).

Polo exposto, en virtude do contido da Disposición adicional 2ª número 9 e 10 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar a ampliación do prazo da cesión gratuita do uso das parcelas provinciais de natureza xurídica patrimonial números 2, 3, 4A, 6A, 6B, 8, 9 e 14 do plan especial do Campus Universitario de Lugo a favor da Universidade de Santiago e coa finalidade pública da prestación do servizo público da educación superior universitaria en Galicia, en particular no Campus Universitario de Lugo ata o 28 de marzo de 2058.

Segundo.- Aprobar o texto do Acordo no que se incorporan as disposicións reguladoras da presente cesión gratuita de uso.

Terceiro. Formalizar a presente cesión gratuita de uso mediante a sinatura do referido acordo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.


O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=2>

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVICIOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE NAVIA DE SUARNA, NO MARCO CUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COOPERACIÓN.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	7/36



Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao presente expediente, exponse o seguinte:

O 04.05.2021, logo da pertinente tramitación administrativa formalizouse o convenio marco interadministrativo de cooperación, entre o Concello de Navia de Suarna e a Deputación de Lugo, para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores (CAM). Dito convenio marco bilateral foi aprobado, en sesión da Xunta de Goberno de 05.02.2021, a cuxos antecedentes e informes nos remitimos.

Así, no citado texto as partes asumían, en síntese, os seguintes compromisos:


A Deputación, entre outros:

- Efectuar o financiamento previsto na cláusula sexta do convenio marco.
- Actuar como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco.
- Impulsar un equipo técnico especializado no ámbito dos servizos sociais.

O Concello de Navia de Suarna, entre outros:

- Colaborar coa Deputación para lograr o fin do convenio.
- Efectuar as achegas económicas previstas na cláusula sexta daquel convenio marco.
- Establecer o réxime xurídico e a forma de xestión directa do servizo público con prestacións directas ás persoas.
- Tramitar e someter a aprobación do órgano competente a regulamentación dos centros e da actividade e o prezo público a cobrar aos usuarios do respectivo centro.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	8/36





En base ao citado convenio o Concello de Navia de Suarna efectuou os seguintes trámites administrativos, a fin de fixar o réxime xurídico de prestación do servizo. Así en dito cumprimento da obriga de fixar o réxime xurídico da prestación do servizo, aprobou inicialmente, o 30.03.2022:


Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores de Navia de Suarna: memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica, base para determinar a viabilidade financeira do servizos a súa forma de xestión.

1. Ordenanza de acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna.
2. Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial.
3. Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención diúrna.
4. Regulamento de funcionamento interno do centro de atención residencial.
5. Regulamento de funcionamento interno do centro de atención diúrna.

No BOP núm. 082 do 28.0509.04.2022 do publicouse inicialmente o expediente e o 28.05.2022 no BOP núm. 121, publicouse a elevación a definitivo do réxime xurídico prestacional establecido polo Concello de Navia de Suarna por non terse presentado reclamacións ou suxestións no prazo de exposición.

A Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores de Navia de Suarna: memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica, base para determinar a viabilidade financeira do servizos a súa forma de xestión, e o plan de viabilidade redactado ao efecto e aprobado ou cando menos foi a base da memoria do expediente aprobado polo Concello de Navia de Suarna para o exercicio de actividades económicas, en concreto para a prestación dos servizos de atención diúrna e atención residencial no Centro de Atención a Persoas Maiores de Navia de Suarna, así como, su posterior actualización, determinan os seguintes custes:

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	9/36



ESTIMACIÓN CUSTES POR ANUALIDADES	2022 dende o 01.08.2022	2023	2024	2025 ata o 31.10.2025
GASTO PERSOAL DEPUTACIÓN	70.998,25 €	171.407,41 €	173.464,30 €	146.288,65 €
SALARIOS	48.846,80 €	117.928,30 €	119.343,44 €	100.646,59 €
SEGURIDADE SOCIAL	22.151,45 €	53.479,11 €	54.120,86 €	45.642,06 €
GASTO CORRENTES DE FUNCIONAMENTO	49.725,00 €	120.048,50 €	121.821,93 €	102.399,65 €
CONTRATO ADMINISTRATIVO SERVIZO	316.710,00 €	755.575,50 €	757.645,50 €	629.305,50 €
	437.433,25 €	1.047.031,41 €	1.052.931,73 €	877.993,80 €

Táboa 1. Estimación de custes Cam Navia de Suarna dende o 01.08.2022 ata o 31.10.2025 ambos incluídos.

Nun escenario de prudencia e segundo as ordenanzas de prezos públicos aprobadas a tal efecto para os servizos aquí tratados, e considerando unha capacidade mensual media de 1.065,58 € mensuais, corresponderían uns ingresos de 408.615,60 €, cunha ocupación completa do centro para os dous servizos.

USUARIAS	CAPACIDADE ECONÓMICA 1.467,52 € PP.	DÉFICIT XERADO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO CONCELLO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL USUARIOS SEGUNDO ORDENANZA
Dependentes 30	823,71 €	566,29 €	141,57 €	424,72 €	50.966,10 €	152.898,30 €	296.535,60 €
Centro de día 20	378,00 €	172,00 €	43,00 €	129,00 €	10.320,00 €	30.960,00 €	112.080,00 €
					61.286,10 €	183.858,30 €	408.615,60 €

Táboa 2. Estimación das achegas por parte das administracións locais en funcións do déficit xerado entre o custe de referencia e o prezo público de cada persoa usuaria

O *custe de referencia do servizo* de atención residencial, está determinado na memoria económico-financieira. Na actualidade este custe está establecido en 1.390,00€ para persoas dependentes segundo e 1.080,00€ para válidas, así como 550,00€ para o servizo de atención diúrna a xornada completa. Estes custes de referencia serán igual ou inferiores ou *custe efectivo real do servizo*.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	10/36





O convenio marco na súa cláusula sexta, establece o réxime económico, sinalando que a Deputación asumirá o (75%) da diferenza entre *custe efectivo real do servizo* e prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, cos seguintes límites e determinacións: 600,00€ por número de prazas do centro e mes para as residencias e de 300,00€ por número de prazas do centro e mes, para os centros de día, a xornada completa. Enténdese por xornada completa a de 8 horas diarias, de luns a venres (para as xornadas diarias inferiores aplicarase unha redución proporcional).

Así, o Concello de Navia de Suarna, de menos de 5.000 habitantes, terá que asumir o 25%, isto é, a diferenza entre *custe efectivo real do servizo* e o *prezo público* efectivamente pagado polos usuarios/as. Terase en conta que no caso de que a diferenza entre *custe efectivo real do servizo* menos o prezo efectivamente pagado polos usuarios/as (o prezo público de cada un deles segundo a súa capacidade económica), exceda dos importes máximos a pagar pola Deputación (600,00€ por praza e mes de residencia e 300,00€ para praza e mes de centro de día, como máximo) e o 25% imputable como máximo ao Concello (200,00€ por praza e mes de residencia e 100,00€ para praza e mes de centro de día, como máximo), a diferenza será asumida pola Deputación Provincial.

Segundo consta no informe de Benestar Social e Igualdade co CSV IV7D6WQTJY5K35OIYVPSIZDHEM o custe do servizo do Centro de atención a Persoas Maioras de Navia de Suarna para unha anualidade ascendería a 1.043.575,41€, dos cales a Deputación de Lugo asumiría un déficit de 538.959,81 €, no peor dos escenarios presentados.

Tendo en conta que a prestación do servizo iniciárase previsiblemente o 01.10.2022 neste escenario o custe ascendería a un gasto máximo de 311.163,25 € (engádense os salarios do persoal que se contratará con anterioridade para a súa formación no modelo e posta en marcha, así como o mantemento previo), dos cales 96.813,90 € serían achegados polas persoas usuarias, 219.028,68 € corresponderían ao déficit a asumir a Deputación, mais as achegas do Concello 24.000,00 €. Así para a Deputación tería que achegar coas peores previsións 287.163,25 € na anualidade 2022.

Estas consideracións de tipo económico enmárcanse nas obrigas fixadas neste convenio específico e mesmo no convenio marco do que trae causa e ao que desenvolve. Resulta necesario

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	11/36



o seu coñecemento a efectos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público) e mesmo para a distribución temporal do gasto no tocante aos compromisos económicos asumidos (art. 49, letra da mesma Lei) co límite temporal de non superar os catro anos de duración, contados desde a sinatura do convenio marco (04.05.2021).

Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente, entre o que se atopa a certificación do acordo de aprobación do convenio específico polo Concello de Navia de Suarna, así como, os informes de Intervención, de Benestar Social e Igualdade e do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a este Convenio Interadministrativo e tendo en conta a fiscalización que se leve a cabo.

Proponse, que polo Pleno da Deputación de Lugo se acorde o seguinte:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Navia de Suarna, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) coa liquidación do convenio asinado o 31 de xaneiro de 2011, mediante a proposta de pago polo Concello de Navia de Suarna da contía comprometida de 307.723,55 €.

2º.- Aprobar o orzamento vinculado á aprobación do Convenio Específico (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polas persoas usuarias) cun total estimado de 3.289.120,19 € para as catro anualidades dende o formalización do convenio ata o 31.10.2025, ambos incluídos coa seguinte distribución:

- Ano 2022: 311.163,25 €
- Ano 2023: 1.047.031,41 €
- Ano 2024: 1.052.931,73 €
- Ano 2025: 877.993,80 € (ata o 31.10.2025)

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025. Para a anualidade 2022 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento con cargo ás aplicacións orzamentarias 2315.13100; 231516000; 2315.22199 e 2315.22799, e para as anualidades 2023, 2024 e 2025 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	12/36





dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023, 2024 e 2025 as cantidades indicadas e nas aplicacións orzamentarias sinaladas no informe con código CSV IV7D6DI2BRWYLGXSWYMNEB2Q74.

3º.- Aprobar o plan de pago do Concello de Navia de Suarna en relación á débeda de 307.723,55 €, que realizará o abono do seguinte xeito: 102.574,51€ na anualidade 2022, 102.574,52€ na anualidade 2023 e 102.574,52€ na anualidade 2024, dando así por cumprimentado as obrigas económicas derivadas daquel Convenio.

4º.- Instar ao Concello a actualizar a normativa vinculada co CAM de Navia de Suarna á nova situación socioeconómica con especial mención no relativo á Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, co obxectivo de reforzar os obxectivos recollidos nos Convenio Marco e Específico citados e mantendo o carácter homoxéneo das prestacións na Rede de Centros”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Neste momento incorpórase á sesión o señor Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=3>

--0000--

4.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR QUE A XUNTA CUMPRE O ACORDO PARLAMENTARIO QUE RECLAMA UNHA LIÑA DE AXUDAS DIRECTAS PARA O SECTOR AGROGANDEIRO.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	13/36



Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar que a Xunta de Galicia cumpra o acordo parlamentario que reclama unha liña de axudas directas para o sector agrogandeiro.


O pasado 17 de xuño, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha proposición non de lei do Grupo Socialista para reclamarlle á Xunta unha liña de axudas ó sector agrogandeiro con fondos propios. Deste xeito, o Parlamento instaba á Xunta a sumarse ás medidas excepcionais adoptadas pola Unión Europea e o Goberno do Estado para axudar ó sector a paliar os efectos da crise derivada da pandemia e da guerra de Ucraína.

Cumpre lembrar que o pasado mes de marzo, o entón presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, reclamáballe ó Goberno que aportase en axudas directas a mesma cantidade que aportaba a UE, uns 65 millóns de euros. Dende aquel momento, e ademais das medidas xerais de bonificación dos carburantes, o Goberno de España aprobou un paquete de axudas para o sector duns 360 millóns de euros, 169 deles de xeito específico para o sector lácteo. No que fai ó resto dos sectores agrogandeiros, o Goberno duplica a axuda europea de 65 millóns de euros, aportando outros 128 ata chegar a un total de 193 millóns de euros.

Deste xeito, mentres a Xunta aínda non ten achegado nin un só euro en axudas ó sector, o Goberno duplica a solicitude de fondos que lle pedira o expresidente Feijóo. O pasado 30 de maio, 6.434 gandeiros e gandeiras galegos percibiron xa 55 millóns de euros das axudas ó sector leiteiro. Deses cantidade, 25 millóns corresponderon ás 2.835 explotacións de leite da provincia de Lugo.

Os subsectores de produción cárnica os que veñen denunciando nos últimos meses o incremento nos custos de produción moi por riba do incremento dos prezos de venda, o que de feito provoca que algúns produtores estean a vender a perdas. Mentres a Xunta segue sen achegar fondos

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	14/36





para axudar a estes sectores, xa está en marcha o procedemento de concesión das axudas estatais por parte do Ministerio de Agricultura. Este procedemento contempla pagos de 60 €/vaca nutriz, 12€/becerro, 5 €/ovella e cabra e cantidades variables en función da capacidade das granxas de polos e coellos. Unhas axudas que serán sen dúbida importantes para a provincia de Lugo, que conta co 44% das granxas de bovino para produción de carne de Galicia e co 30% das granxas de ovino caprino, por poñer só dúas cifras.


Por desgracia para os galegos/as e os/as lucenses, os executivos do Partido Popular teñen demostrado ó longo do tempo a súa capacidade para ignorar, incumplir, dilatar no tempo ou deixar no fondo dos caixóns non só as súas promesas, senón os acordos adoptados en sede parlamentar. Tamén aqueles acordos votados por eles mesmos. Por todo isto, e ante a situación que atravesamos o sector agrogandeiro da provincia de Lugo, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo:

- Reclama á Xunta que poña en marcha canto antes unha liña de axudas directas ó sector agrario, complementaria e da mesma cantidade que o dedicado polo Estado ós produtores de Galicia e destinado ós subsectores gandeiros de carne (vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola).
- Insta á Xunta a poñer en funcionamento o Observatorio de Prezos que evite que os produtores cheguen a vender a perda.
- Solicita a creación dunha Axencia autonómica de Información e Control Alimentarios como ferramenta para axudar a conseguir os obxectivos fixados pola Lei da Cadea Alimentaria”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituíros parágrafos segundo e terceiro da proposta de acordos formulada de xeito que estes queden da seguinte forma:

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	15/36



“O Pleno da corporación provincial insta á Xunta de Galicia a emprender todas aquelas actuacións que permitan potenciar o control de prohibición da venda a perdas mediante os mecanismos correspondentes como o desenvolvemento e a posta en funcionamento das actuacións do observatorio de prezos e a unidade que se encargará da información e control alimentarios en Galicia”.

Neste momento auséntase da sesión o señor Deputado D. Oscar Poy Franco.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=4>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR A RECONSTRUCCIÓN DO VIADUCTO DA A-6 Ó SEU PASO POR PEDRAFITA, UNHA INVESTIGACIÓN SOBRE AS CAUSAS DO SUCESO E MEDIDAS PARA MINIMIZAR O SEU IMPACTO NA ECONOMÍA LUCENSE.

Por parte do Sr. Presidente proponse, dado que se trata de mocións de contido similar, o debate conxunto e votación separada dos puntos números cinco, sete e oito da orde do día, sendo aprobada a dita proposta por tódolos Grupos Políticos da Corporación.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar a reconstrucción do viaduto da A6 ó seu paso por Pedrafita, unha investigación sobre as causas do suceso e medidas para minimizar o seu impacto na economía lucense.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	16/36





O afundimento do viaduto do Castro, no tramo da autoestrada A6 na súa conexión de Lugo ca Meseta, supón un suceso de fondo impacto negativo para a provincia de Lugo e para o conxunto de Galicia. Afortunadamente, non tivemos que lamentar desgracias persoais, pero o impacto nas comunicacións e no sector do transporte é fondamente negativo.

O peche dun tramo da A6 e o desvío por rutas alternativas convencionais pode supoñer para os transportistas ata unha demora de media hora no traxecto cara a Madrid, co incremento en gasto de combustible e a necesidade de modificar as paradas para cumprir cos descansos obrigatorios.


A Deputación de Lugo ten unha longa historia ligada á reclamación da mellora das comunicacións como parte imprescindible para o desenvolvemento da nosa provincia. Da man da Deputación chegou a Lugo a primeira conexión ferroviaria, e dende a Deputación reclamamos tamén o tren de alta velocidade.

E tamén dende a Deputación reclamamos de xeito continuado a modernización das vías de comunicación ca meseta, con autoestradas de titularidade pública e gratuidade de uso. A A6 e a gran arteria de comunicación entre Lugo e a Meseta, entre Lugo e Madrid, e resulta fundamental para o tráfico de persoas e de mercadoría. Non podemos encarar o século XXI afrontando de novo a eiva de contar cunhas comunicacións deficientes co resto do Estado.

Será a investigación técnica a que determine as causas do suceso, ben por defectos no deseño inicial da obra, ben por desgaste dos materiais, ou por causas relacionadas con movementos sísmicos ou correntamentos de terra. En todo caso, esta investigación ten que servir para extraer conclusións que permitan afrontar á maior brevidade posible as obras de reconstrución do viaduto cas garantías de seguridade e perdurabilidade que cabe esixir para unha obra destas características

Por todo isto, e ante o prexuízo que o afundimento do citado viaduto representa para o desenvolvemento da nosa provincia, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta moción pola que a Deputación Provincial de Lugo:

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	17/36



- Reclama ó Goberno do Estado a posta en funcionamento do viaduto da A6, tendo en conta a seguridade do tráfico das persoas e o ditame dos técnicos garantindo, así, a seguridade.
- Solicita ó Goberno do Estado unha investigación técnica exhaustiva que aclare os motivos do afundimento do viaduto.
- Solicita ó Goberno do Estado e á Xunta de Galicia unha revisión das súas respectivas redes viarias, sobre todo no que fai a elementos de risco potencial como pontes e viadutos.
- Demanda un plan de control de tráfico que axilice o mesmo nas vías alternativas para garantir a fluidez e minimizar así o incremento nos desprazamentos derivado do peche temporal deste tramo da A6.

Neste momento incorpórase á sesión o señor Deputado D. Oscar Poy Franco.

Sendo as doce horas e vinte minutos, o señor Secretario Xeral D. José Antonio Mourelle Cillero auséntase da sesión, sendo substituído polo asesor técnico do Servizo de Contratación e Fomento don Pablo Seoane. Cancelo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA ESIXIR AO GOBERNO DO ESTADO O SERVIZO DE TELEFONÍA E INTERNET EN TODOS OS FOGARES DAS SERRAS DO COUREL

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	18/36





“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para esixir ao Goberno do Estado, o servizo de telefonía e internet en todos os fogares das Serras do Courel.

Exposición de Motivos:

Un dos maiores retos da nosa provincia é o despoboamento nomeadamente do rural, e unha das maneiras de combatelo é fixar poboación da man das novas tecnoloxías.


Neste contexto, o pasado día 25 de maio pechou a “central de telefonía por cobre” do Courel e bastantes casas quedaron sen a tecnoloxía que lle permitía o acceso a internet, noutros casos quedan incluso sen liña telefónica, e noutros as tecnoloxías que ofrecen dende o 26 de maio “non aseguran a cobertura de internet, nin de telefonía” nin barata, nin estable, por causa da combinación de climatoloxía e xeografía da nosa montaña.

Non é difícil imaxinar que este illamento pode estenderse ás demais zonas de montaña da nosa provincia, o que incumpriría varios preceptos do Real Decreto 899/2009, de 22 de maio, polo que se aproba a carta de dereitos do usuario dos servizos de comunicacións electrónicas, do que destacamos o artigo 3.a) que recolle os “dereitos dos usuarios finais”, e que di que “Os usuarios finais de servizos de comunicacións electrónicas serán titulares, ademais dos dereitos establecidos no artigo 8 do texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, dos seguintes dereitos, nas condicións establecidas neste real decreto:

a) Dereito a obter unha conexión á rede telefónica pública desde unha localización fixa, que posibilite o acceso funcional a Internet, e acceder á prestación do servizo telefónico, así coma ao resto de prestacións incluídas no servizo universal, con independencia da súa localización xeográfica, a un prezo accesible e cunha calidade determinada. (...)

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción,

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	19/36



propondo a adopción dos seguintes acordos:

Instar ao Goberno do Estado a:

1. Dotar de servizo de telefonía fixa e internet a todas as vivendas que así o soliciten nas serras do Courel.
2. Defender que vivir na montaña de Lugo non supoña un encarecemento do custo do servizo.
3. Garantir a calidade do servizo e a accesibilidade económica de todas as persoas ás mesmas.
4. Manter as tecnoloxías actuais (no caso do Courel “de fio de cobre”) ata poder asegurar como mínimo os servizos de telefonía fixa e internet que ata hai pouco viñan existindo”.

Ante esta moción por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de adición, que textualmente di o seguinte:

“Engadir á proposta de acordo o seguinte punto:


Instar á Xunta de Galicia:

- A poñer en marcha de xeito inmediato a “Estratexia Galicia Dixital 2030” anunciada en Decembro do ano 2021 polo Señor Feijoo.
- A destinar parte dos 4.000 millóns previstos na mencionada estratexia, para dotar de servizos de telefonía fixa, móbil e internet, aquelas áreas rurais de montaña con especiais dificultades para acceder a estas tecnoloxías”.

Sendo aceptada a emenda polo Grupo Provincial do BNG, a parte dispositiva da moción queda do seguinte xeito:

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	20/36





Instar ao Goberno do Estado a:

1. Dotar de servizo de telefonía fixa e internet a todas as vivendas que así o soliciten nas serras do Courel.
2. Defender que vivir na montaña de Lugo non supoña un encarecemento do custo do servizo.
3. Garantir a calidade do servizo e a accesibilidade económica de todas as persoas ás mesmas.
4. Manter as tecnoloxías actuais (no caso do Courel “de fio de cobre”) ata poder asegurar como mínimo os servizos de telefonía fixa e internet que ata hai pouco viñan existindo”.

Instar á Xunta de Galicia:

- A poñer en marcha de xeito inmediato a “Estratexia Galicia Dixital 2030” anunciada en Decembro do ano 2021 polo Señor Feijoo.
- A destinar parte dos 4.000 millóns previstos na mencionada estratexia, para dotar de servizos de telefonía fixa, móbil e internet, aquelas áreas rurais de montaña con especiais dificultades para acceder a estas tecnoloxías”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.


Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=8>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG RECLAMANDO UNHA URXENTE E FIABLE SOLUCIÓN AO DERRUBAMENTO DA PONTE DE CASTRO NA A-6.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	21/36



O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción reclamando unha urxente e fiable solución ao derrubamento da ponte de Castro na A-6.

Exposición de Motivos:

As conexións con Galiza sempre foron unha materia pendente dos distintos Gobernos do Estado. As infraestruturas chegan tarde, con décadas de atraso, cando chegan, pero agora ademais atopámonos con obras deficientes que, tan só vinte anos despois da súa inauguración, deben ser reparadas. Este é o moi preocupante caso da ponte de O Castro na A6, que levaba cerrado dende dende fai un ano aproximadamente, despois de que se detectasen danos estruturais na construción.

O pasado martes, 7 de xuño, un tramo desta ponte no Quilómetro 431 en sentido A Coruña derrubábase de maneira estrepitosa, afortunadamente sen causar feridos, pois debido ás obras que se comenzaban a realizar atopábase pechada ao tráfico. Isto motivou o corte da circulación na ponte paralela por un período de tempo indeterminado, para revisar que non existan deficiencias similares na vía e piores. O peche desta vía de comunicación producirá un importante colapso nas comunicacións entre Galiza e o resto do Estado, sobor de todo, nas comunicacións coa veciña comarca do Bierzo.

Este suceso volve a por de relevo a situación das comunicacións con Galiza e dentro dela, xa que a A-6 une diferentes municipios galegos de importancia, supondo unha vía indispensable nos desprazamentos diarios de moitas persoas usuarias por motivos de traballo, estudo, médicos, etc.

É necesario realizar unha auditoría ou inspección completa da vía, sobor de todo dos tramos elevados en piores, para detectar calquera dano ou perigo estrutural e corrixilo antes de que poida dar lugar a outros derrubamentos que poidan por en risco a vida das miles de persoas que transitan diariamente pola mesma.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	22/36





Asemade, deben darse explicacións dende o Ministerio das causas que consideran que nos levaron a esta situación e das accións que se emprenderán para exixir responsabilidades. Debe darse toda a información o respecto de forma transparente, dar publicidade a como se realizou o proxecto de construción, o proceso de adxudicación, quen foi a empresa adxudicataria, cal o prazo de execución, a data de entrega e de recepción da obra.

Tamén debería facilitarse a información sobre a forma e momento en que se detectaron eses fallos ou deficiencias estruturais cualificados como graves polo Ministerio e que xustificaron o peche da ponte e ordenar as reparacións. Ademais, é necesario dar información sobre o proxecto de reparación, quen o realizou e como se adxudicou.

Chama a atención que os únicos datos facilitados polo Departamento ministerial de Transportes limitaranse as declaracións realizadas polo Responsable de Estradas para dicir que se decretara o peche da ponte despois de que fosen detectados "altos niveles de corrosión en el cableado" da infraestrutura, e que a reparación encargárase a unha empresa "de referencia a nivel internacional". O Ministerio debe indagar todos estes aspectos e, de determinarse que existiu algunha negligencia ou defecto de construción, realizar as reclamacións pertinentes


É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a:

1.- Ofrecer unha urxente e fiable solución ao derrubamento da Ponte de Castro na A-6 que permita recuperar a máxima normalidade e seguridade na circulación por estrada ata que estea operativa a futura solución definitiva.

2.- Creación dunha comisión de seguimento para a recuperación desta infraestrutura coa presenza do Estado, da Xunta, dos sectores económicos e sociais afectados e das forzas políticas

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	23/36



parlamentarias. Na que se fale dos prazos e dos medios necesarios para voltar a normalidade na circulación, e de coma se van a activar.

3.- Dar resposta e informar sobre todas as dúbidas xurdidas entre a poboación a raíz deste incidente, e que de seguido manifestamos:

a) ¿Cando e como detectou o “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” as deficiencias estruturais que motivaron o peche deste tramo da A-6 e a realización das obras de reparación? ¿Que tipo de danos atopáronse e que reparacións se recomendaron para solucionarlos?

b) ¿Como e quen redactou o proxecto de reparación que se estaba executando no momento do derrubamento da ponte?

c) ¿Realizará o “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” unha inspección o auditoría do resto de tramos da A6, sobre todo dos executados no mesmo período que o derrubado e nas mesmas condicións ou licitación, para asegurar o correcto estado de mantemento da mesma e a detección precoz de posibles deficiencias que poidan corrrixirse sen por en perigo a seguridade das persoas usuarias?

d) ¿Fará público o “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” toda a información sobre a construción inicial do tramo (proceso de adxudicación, empresa adxudicataria, prazos execución e de entrega), así como do proceso de detección dos danos e do proxecto e adxudicación das obras de reparación?

e) ¿Iniciará o Ministerio accións para investigar e reclamar as responsabilidades pertinentes de detectarse algún tipo de negligencia na execución da construción?


4.- Contemplan dentro das solucións temporais pór a “Antiga N-VI”, entre Pedrafita e Vega de Valcarce, en condicións de soportar a circulación que ocasionalmente se poida dar”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=6>

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	24/36





8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA ESIXIR AO GOBERNO DO ESTADO SOLUCIÓN ANTE O DERRUBAMENTO DO VIADUTO DO CASTRO NA AUTOVÍA A-6.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para esixir ao Goberno do Estado solucións ante o derrubamento do viaduto do Castro na autovía A-6.


Exposición de Motivos

O pasado mércores 8 de xuño derrubouse un treito dun dos viadutos da Autovía do Noroeste (A-6), en concreto, na ponte do Castro, entre a localidade leonesa de Vega de Valcarce e o municipio lucense de Pedrafita do Cebreiro. O punto exacto sitúase entre o quilómetro 431 e o 432 desta autovía, moi preto do límite entre as provincias de Lugo e León.

Oito días despois, o xoves 16 de xuño, o mesmo viaduto sufriu o derrubamento doutro dos seus vaos. Esa mesma semana, o Goberno anunciara que se abriría ao tráfico este verán o viaduto paralelo en dirección Madrid; pero tras este novo colapso, tivo que rectificar.

Trátase, en palabras do director xeral de Estradas do Ministerio de Transportes, dun “colapso sen precedentes na rede viaria española”, que se produce nunha infraestrutura que estaba a ser obxecto de traballos de reparación. Dáse a circunstancia ademais, cando menos que teña transcendido, que, no proceso de revisión desta infraestrutura, non foi advertida ningunha deficiencia de relevancia que presaxiase esta situación. O derrubamento afectou ao carril en sentido A Coruña, que permanecía pechado desde hai un ano precisamente polas obras de mellora das que estaba a ser obxecto, e motivou o corte da circulación no viaduto lindeiro, en sentido Madrid, por

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	25/36



un período de tempo indeterminado, así como o desvío do tráfico rodado pola antiga estrada nacional.

A zona afectada é unha das principais vías de comunicación entre Galicia e a Meseta e, polo tanto, supón un problema de envergadura nacional. As restricións á circulación de vehículos de transporte pesado e o desvío da circulación por unha vía que dificulta e incrementa notablemente o tempo de percorrido, terá para Galicia un impacto directo, tanto na actividade económica e turística como en varios sectores produtivos que empregaban esta vía de xeito habitual como espazo de paso dos seus transportes.


Resulta necesario coñecer as causas técnicas do desprendemento porque a seguridade da rede viaria non pode estar en entretido, tendo en conta ademais que ese mesmo percorrido conta cunha moi ampla rede de viadutos para salvar as dificultades orográficas.

Cómpre saber canto antes o que pasou neste tramo no que se fixo un cuantioso investimento nas obras que se levaron a cabo; pero tamén urxe que o Ministerio de Transportes traslade certezas para poder adoptar decisións inmediatas. A primeira delas: determinar, canto antes, se vai proceder a tirar a parte do viaduto que resta en pé ou vai esperar a que caia por si só, o que podería demorar os traballos de reconstrución.

Nese sentido, urxe que o Ministerio ofrezca alternativas inmediatas para o tráfico mentres duren os traballos de reconstrución do viaduto colapsado, que se alongarán no tempo. Tanto os veciños como os sectores produtivos véñse afectados polo peche da autovía ao estar obrigados a dar un rodeo pola estrada nacional, unha situación que se ve agravada polo incremento desorbitado do prezo dos carburantes e que prexudica, sobre maneira, ao tráfico de transportes especiais, que non poden empregar o desvío alternativo habilitado. De feito na reunión convocada recentemente pola Delegación do Goberno e celebrada onte día 21 de xuño cos sectores implicados non se achegaron solucións nin posibles rutas de desvío alternativas.

O grave e inexplicado percance ocorrido na A-6 no Castro agrava exponencialmente o illamento da provincia de Lugo atribuíble ás políticas de infraestruturas que desenvolve o goberno presidido polo Sr. Sánchez.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	26/36





A este incidente na A-6 súmase á falta de avances reais na Autovía Lugo – Ourense (A -56), á lentitude coa que se desenvolven as obras na Autovía Lugo – Santiago (A -54) e ao continuado retraso na Autovía da Mariña (A -74).

Por todas estas razóns é imprescindible que o Goberno de España actúe con axilidade para dar solución ao problema, por canto a complexidade e circunstancias deste colapso evidencian unha situación de corte prolongado do que é un dos principais accesos a Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de Acordo:

O Pleno da Corporación Provincial insta á Deputación de Lugo a dirixirse ao Goberno de España para que:


1º- Actúe con toda a celeridade posible para dar solución ao problema xerado tras o derrube e peche á circulación do viaduto do Castro, na Autovía do Noroeste, unha das principais vías de entrada e saída de Galicia.

2º- Concrete as previsións sobre os traballos de reparación do viaduto afectado, así como das iniciativas dirixidas a revisar, inspeccionar e garantir a seguridade e funcionalidade dos viadutos da Autovía do Noroeste e da integridade desta infraestrutura viaria.

3º- Busque todas as solucións posibles para minimizar o impacto do peche da autovía para Galicia, en particular, para o transporte pesado que de xeito habitual empregaba esa vía e agora vese obrigado a utilizar o desvío alternativo habilitado.

4º- Ofreza información de xeito continuo e coa máxima transparencia para manter ao tanto das novidades aos cidadáns, concellos afectados, Deputación Provincial de Lugo e á administración autonómica, en aras de evitar posibles especulacións e desconfianza”.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	27/36



O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=7>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN Á TRANSFERENCIA DA COMPETENCIA SOBRE A XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:


“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en relación á transferencia da competencia sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre.

Exposición de Motivos

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a Xunta de Galicia leva solicitando nos últimos anos ao Goberno central o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, desde a comunidade galega reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	28/36





Esta transferencia permitiríalle a Galicia xestionar as autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre, como acontece nas comunidades de Andalucía e Cataluña e como se está a negociar tamén co País Vasco.

Este traspaso tamén facilitaríaa a simplificación de trámites e evitaríaa a duplicidade que pode chegar a provocar a existencia de dous niveles administrativos nesta zona e tomar decisións máis axeitadas.

Cómpre lembrar que na franxa do litoral están asentadas preto de 4.000 edificacións de 82 municipios en Galicia e que, ademais, a transferencia da xestión permitiríaa rematar cos constantes ataques que vén recibindo por parte do Goberno central o complexo mar-industria galego.

En definitiva, é indispensable para Galicia contar con esta transferencia, tendo en conta que a comunidade e os concellos do litoral son os que dispoñen dun maior grao de coñecemento da realidade do litoral galego e do valor que supón o seu patrimonio.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de Acordo:


O Pleno da Corporación Provincial insta ao Goberno central a transferir o antes posible á Xunta de Galicia a xestión de todas as competencias en materia de dominio público marítimo -terrestre”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=9>

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	29/36



PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVO A MODIFICACIÓNS/SUBSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, POLO CONCELLOS DE RIBADEO.

Dase conta do acordo da Xunta de Goberno relativo á modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, polo concello de Ribadeo:

RIBADEO.- Modificación do investimentos incluídos no Plan único 2022 (Nº 218-219), solicitada polo Concello, para a execución dos investimentos:

- a. Pavimentación dos camiños de Palmeira, Capela (OVE); Campoxurado e Igrexa (Vilaselán); Outeiro (Piñeira); Regueiral (Vilaframil); Vilandriz-Vilaguiz e A Rochela (Devesa) cun orzamento de 311.468,96€, dos que a achega da Deputación non varía, permanecendo en 169.282,88€ con cargo ao PUCC-22, aprobado pola Xunta de Goberno de data 03/06/2022.
- b. Pavimentación dos camiños de As Anzas (Covelas); Barreiros a San Vicente (Covelas e Cedofeita); Requiande (Cedofeita); As Pereiriñas, Remourelle, Cei (Arante); Santalla e Fornelo (Couxela) cun orzamento de 345.720,65€, dos que a achega da Deputación non varía, permanecendo en 203.534,57€ con cargo ao PUCC-22, aprobado pola Xunta de Goberno de data 03/06/2022.


O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=10>

11.- CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 10 DE XUÑO DE 2022, RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN DA

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	30/36





XUNTA DE GOBERNO CORRESPONDENTE Ó DÍA 24 DO PRESENTE MES DE XUÑO.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno en sesión de 10 de xuño de 2022, en relación coa modificación da data de celebración da sesión da Xunta de Goberno correspondente ó día 24 do presente mes de xuño que, por tratarse de día festivo, celebraríase o día 23 de xuño. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=11>

12.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ao trinta e un de maio de dous mil vinte e dous, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1646 ao 2110. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=12>

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Por parte do Sr. Presidente comunicase que neste punto, dado que non se incluiu na Orde do Día, tráese a Declaración Institucional Día do Orgullo LGTBI 2022, que está asinada polos tres Grupos Políticos representados nesta Corporación, dándose polo tanto por aprobada, e que textualmente di o seguinte:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DÍA DO ORGULLO LGTBI 2022

Un ano máis, a Deputación de Lugo quere sumarse á celebración do 28 de xuño como o Día Internacional das persoas Lesbianas, Gais, Bisexuais, Trans e Intersexuais. Unha data para

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	31/36



seguir traballando por acadar a plena igualdade de dereitos nunha sociedade que non discrimine a ninguén pola súa orientación sexual ou identidade de xénero.


Este ano 2022 marca tamén o 30 aniversario do Europride, a gran festa de reivindicación europea a prol da igualdade sexual e de xénero. Non é unha casualidade que o Europride xurdise o mesmo ano, 1992, no que se ratificaba no tratado de Maastricht a creación da Unión Europea. En Galicia xa levabamos unha década de conmemoración da revolta de Stonewall, en New York, desde que a primeira manifestación do Orgullo percorrese as rúas de Vigo o 28 de xuño de 1981. A unión Europea nacía como un espazo de liberdade, de cooperación, de defensa dos valores democráticos no sentido máis amplo da palabra. E o traballo dos colectivos LGBTI viña poñer no primeiro plano da axenda política as súas reivindicacións, denunciando as situacións de violencia, exclusión ou perda de dereitos que moitas persoas, moitos cidadáns e cidadás europeas sufrían día a día por motivo da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

A Unión Europea non podería ser unha realidade plena se non garantía a súa carta de dereitos e liberdades ó conxunto de todos os seus habitantes, sen facer distincións por motivo de xénero ou orientación sexual.

Nestes 30 anos, as sociedades europeas teñen avanzado moito no recoñecemento de dereitos do colectivo LGTBI. Pero o auxe dos partidos de extrema dereita, cunha clara axenda LGTBIfóbica e de recorte de dereitos, lémbra-nos a necesidade de seguir traballando para non perder ningún dos dereitos conseguidos. Agora mesmo, existen en Europa países cunha lexislación claramente lesiva cara ás persoas LGTBI, incluso no seo da Unión Europea como é o caso de Hungría. A prohibición do recoñecemento legal da identidade das persoas trans e intersexuais ou a negación do dereito de adopción das persoas LGTBI son algunhas das medidas legais presentes neste país que supuxeron incluso un posicionamento contrario por parte da Comisión Europea. Mais non é este o único caso, existindo outros países europeos e da nosa contorna onde os dereitos das persoas LGBT están ameazados inseridos nun clima hostil cara á diversidade sexual e de xénero.

Non podemos encamiñar o futuro do século XXI normalizando ideoloxías de exclusión e discriminación propias de etapas xa superadas pola historia. Ideoloxías que se atopan detrás do

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	32/36





incremento dos delitos de odio como son os casos de acoso nas redes sociais que se veñen detectando nos últimos anos.


A pesar dos avances alcanzados en materia de dereitos LGTBI, quedan moitas lagoas pendentes de ser abordadas polo poder legislativo especialmente no relativo á loita contra a discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero e ao recoñecemento e protección das persoas LGTBI vítimas de delitos. A propia Unión Europea, a través da Axencia para a protección dos Dereitos Fundamentais, fixo pública unha enquisa en 2020 que permite observar que se deron poucos avances xerais en comparativa coa anterior realizada en 2012. Os promedios da UE agochan importantes diferenzas entre países. Nalgúns deles, máis do 70% das persoas LGTBI enquisadas afirman que a sociedade é máis tolerante, mais pola contra, hai outros no que ata o 68% responden que é menos, o cal resulta moi preocupante.

Entendemos que neste contexto, o papel das administracións locais, pola súa especial proximidade aos cidadáns, ten que ser decisiva á hora de amparar e defender os dereitos humanos e enmarcando calquera actuación nos principios de igualdade e non discriminación. Concellos e Deputacións Provinciais somos garantes da efectividade da loita pola igualdade e na defensa da convivencia cidadá e axentes esenciais insubstituíbles da protección dos dereitos e liberdades de toda a cidadanía e defensores da non discriminación, con independencia da raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Por iso condenamos enerxicamente calquera discriminación contra as persoas LGTBI e os seus dereitos fundamentais, incluída a incitación ao odio e lembramos a importancia de tomar medidas concretas para poñer fin á discriminación contra as persoas LGTBI.

Manifestamos a nosa especial preocupación ante o repunte do discurso de odio e negámonos a aceptar como normal posturas políticas que pretenden construír a seu proxecto a costa de negarlle dereitos a unha parte da sociedade por motivo da súa orientación sexual ou identidade de xénero. A loita contra o racismo, a xenofobia, a LGTBIfobia e outras formas de intolerancia é unha loita para fortalecernos como sociedade.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	33/36



Neste ano no que se cumpren tres décadas de reivindicacións LGTBI europeas, queremos apoiar dun xeito expreso todas as accións locais, rexionais, nacionais e europeas que teñan por finalidade a promoción da igualdade, especialmente as dirixidas a loitar contra os estereotipos e mellorar a aceptación social das persoas LGTBI. E queremos recoñecer o traballo das organizacións da sociedade civil que traballan polos dereitos das persoas LGTBI e o valor da colaboración coas Autoridades Locais para poñer fin a calquera discriminación existente e seguir impulsando unhas políticas públicas igualitarias e inclusivas.

A Unión Europea ten a súa historia vencellada dun xeito estreito ó desenvolvemento dos dereitos do colectivo LGTBI. E para seguir avanzando na Europa que queremos, cumpre que este vínculo siga manténdose no futuro, ata acadar a plena igualdade real de todas e todos os cidadáns da Unión”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=13>

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hai dúas Preguntas regulamentariamente formuladas polo Grupo Provincial do Partido Popular, e tamén o desexo por parte do mesmo Grupo Provincial do Partido Popular de formular dous Rogos in voce, indicando que se vai proceder a continuación a tratar tanto as Preguntas coma os Rogos.

P R E G U N T A S

Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa á creación da Senda do Navia, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	34/36





Na sesión ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2021, o Pleno da Corporación Provincial por iniciativa do Grupo Provincial do Partido Popular (coa presentación da moción relativa á creación da Gran Senda do Navia) adoptou, por maioría, o seguinte acordo:

- *Instar ao Goberno de España a desbloquear a tramitación do anteproxecto da Gran Senda do Navia para a súa declaración de interese xeral e incluíla dentro da Red de Caminos Naturales, e*
- *Instar ao goberno provincial a cumprir os compromisos adquiridos con concellos e asociacións para crear a Gran Senda do Navia e a manter puntualmente informados aos concellos interesados na provincia de Lugo.*

Transcorrido un ano sen que haxa constancia de que a Deputación Provincial de Lugo dera algún paso práctico ou eficaz para cumprir o dito acordo formulamos a seguinte pregunta:

Qué tramites levou cabo o goberno provincial para cumprir o mencionado acordo relativo á creación da Gran Senda do Navia?”.

Segunda.- Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, en relación con empregados públicos do Museo Provincial, do seguinte teor:


“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

Este grupo ten constancia de determinadas queixas de empregados públicos da institución provincial que prestan os seus servizos no Museo Provincial de Lugo debido a que, supostamente, nalgún caso o cómputo total semanal das horas traballadas excede o límite establecido.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

Ten coñecemento o equipo de goberno provincial desta situación e, no seu caso, qué fixo ou qué ten pensado facer para corrixila?”.

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	35/36



ROGOS

Por parte do Grupo Provincial do Partido Popular fórmulanse dous Rogos *in voce*, un deles polo voceiro de dito Grupo D. Javier Jorge Castiñeira, e outro polo Deputado Provincial D. Pablo Taboada Camoira, e que, ao non presentar texto, reproducense as intervencións no enlace de vídeoacta.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220628&punto=14>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Fecha y Hora	11/07/2022 14:15:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D2YH5LTU5ZDPPWZXRBXHP4	Página	36/36

